

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2025/G005/000007.

Excma. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores, día 26 de febreiro de 2025, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

LICENZAS URBANÍSTICAS

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUIR UNHA VIVENDA UNIFAMILIAR NA RÚA DAS CAMPAS, 12 (Exp. 2024/Y001/000024).
2. LICENZA URBANÍSTICA PARA INSTALACIÓN DE ASCENSOR E REHABILITACIÓN DE PLANTAS ALTAS DE EDIFICACIÓN EXISTENTE NA RÚA MÚSICO FALLA, 21 (Exp. 2024/Y001/000114).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

3. CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN CERTIFICADA DOS EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPIs) DAS PERSOAS TRABALLADORAS DO RECINTO DO CEMITERIO DE SAN FROILÁN. APROBACIÓN DO PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS E PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2025-C003-000005.

4. CONTRATO PARA O SERVIZO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac5201338739820105330.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-2-2025

LUGO PARA A ASISTENCIA XURÍDICA E REPRESENTACIÓN E DEFENSA EN XUÍZO, EXP. REF. 2024/C003/000001. PRIMEIRA PRÓRROGA DENTE O 18.04.2025 ATA O 17.04.2026.

5. CONTRATACIÓN DA CESIÓN DO DEREITO DE USO DA LICENZA PARA USO DA APLICACIÓN INFORMÁTICA "PORTALEMP", EXP. REF. 2025/C004/000002. ADXUDICACIÓN.

6. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS QUÍMICOS DO MANTENIMENTO DA AUGA DAS PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS ASÍ COMO DO GASTO, A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2025-C004-000011.

7. CONTRATACIÓN DO PROGRAMA DE HORTOS EDUCATIVOS NOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA E NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE LUGO APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2025-C003-000007.

8. CONTRATACIÓN DA ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO EVENTO CULTURAL "EUROPA SOMOS TODOS/AS" CO GALLO DA CELEBRACIÓN DO DÍA DE EUROPA (9 DE MAIO DE 2025). APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS ASÍ COMO DO GASTO, A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2025-C003-000006.

9. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PAN FRESCO DO DÍA E OUTROS PRODUTOS DE PANADERÍA (EMPANADAS) PARA AS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS FOGAR DO TRANSEÚNTE (ALBERGUE MUNICIPAL). APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS ASÍ COMO DO GASTO, ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2025-C004-000012.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

DESENVOLVEMENTO LOCAL

10. INFORME PROPOSTA PARA A APROBACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN INTEGRADO -PAI- DENOMINADO NOVO NORTE PARA CONCORRER Á CONVOCATORIA PARA A ASIGNACIÓN DE SENDA FINANCEIRA FEDER A PAÍS DE ENTIDADES LOCAIS, NO MARCO DO DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE, CON CARGO AO FEDER NO PERÍODO DE PROGRAMACIÓN 2021-2027. CÓDIGO PROXECTO: 25PAI0000001.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,